

Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

MODIFICACIÓN DO EXTRACTO BASES SUBVENCIÓN PARA CONCESIÓN DO II PREMIO SESÉ MATEO DE XORNALISMO ÉTICO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA MACHISTA

Ampliación do prazo de presentación de solicitudes de participación na convocatoria de subvención para a concesión do II Premio Sesé Mateo de Periodismo Ético no tratamento da violencia machista.

Con data 26.08.2022, núm. 2011, aprobáronse por Resolución da Alcaldía as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA A CONCESIÓN DO PREMIO II PREMIO SESÉ MATEO DE XORNALISMO ÉTICO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA MACHISTA.

O extracto das mesmas foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 169, do 5 de setembro de 2022. O prazo de presentación de solicitudes remataba o día 30.09.2022.

A proposta da concellería do área e coa finalidade de favorecer a máis ampla participación posible, o cal redundará nun mellor cumprimento dos obxectivos que se pretenden acadar coa convocatoria, considérase oportuno ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

Por Resolución da Alcaldía de 27.09.2022 acordouse ampliar o prazo da presente convocatoria ata o día 17 de outubro de 2022 inclusive.

Documento asinado electronicamente.

